

CICLO PENSARMOS

GARETH WILLIAMS

*Pensar Latinoamérica: postcolonialidade,
decolonialidade, subalternidade*

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 28 de marzo de 2019 ás 18:00 horas



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a re. exión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante o ano 2019 cada cuarto xoves de mes o ciclo Pensarmos ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

- 25 abril: Remedios Zafra
- 23 maio: António Cunha
- 27 xuño: Margarita Boladeras Cucurella

PROGRAMA

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

Pensar Latinoamérica: postcolonialidade, decolonialidade, subalternidade

Gareth Williams dialoga con Jorge Álvarez Yágüez

Gareth Williams é catedrático na Facultade de Linguas e Literaturas Románicas, Universidade de Michigan, EE.UU.

Autor dos libros *El otro lado de lo popular: Neoliberalismo y subalternidad en América Latina* (Duke University Press, 2002) e *La excepción mexicana: soberanía, policía y democracia* (Editorial Palgrave MacMillan, 2011). É cotradutor ao inglés de: Roberto Esposito, *El origen de la política: ¿Hannah Arendt o Simone Weil?* (Fordham University Press, 2017). Ten en proceso o libro *Pasajes infrapolíticos: descontentión, narcoacumulación, ansiedad epocal*.

En relación ao seu traballo editorial, desde 2013 é cofundador e coeditor de *Hispanismos fronterizos*, unha serie de publicacións auspiciada pola editorial da Universidade de Texas, EE.UU., e desde 2012 é editor xeral da revista en liña *Política Común* (<https://quod.lib.umich.edu/p/pc>). Estes dous proxectos demostran a proxección dos estudos hispánicos dentro do actual campo académico global, con particular interese en fomentar unha reflexión de índole comparativa cunha base esencial na teoría política e cultural.

Entre as súas publicacións recentes sobresaen: “¿Qué es el populismo? Nosotros, ¿verdad?”, en *¿El populismo por venir?* (Eds. Ángel Loureiro e Rachel Price, Madrid, Escolar y Mayo, 2018: 169-185), e “Deconstrucción, post-hegemonía e infrapolítica: Entrevista con Gareth Williams”, *Cuadernos de Teoría Social* (Universidade Diego Portales, Santiago de Chile, 2017).

Jorge Álvarez Yágüez é doutor en Filosofía pola Universidade Complutense de Madrid. Un dos seus campos de traballo é a filosofía política, ámbito no que publicou varios libros, entre eles: *Individuo, libertad y comunidad* (A Coruña, 2001) e *Política y república. Aristóteles y Maquiavelo* (Madrid, 2011). En relación co pensamento latinoamericano, participou en varias publicacións colectivas: *Ansa-Goicoechea / Cabezas / Fornazzari* (eds.), *Crítica de la acumulación* (Santiago de Chile, 2010); Castro Orellana (ed.), *Posthegemonía, El nal de un paradigma de la filosofía política en América Latina* (Madrid, 2015); Moreiras / Villacañas, *Conceptos fundamentales del pensamiento latinoamericano actual* (Madrid, 2017). Así mesmo, colabora na revista estadounidense *Política Común*, especialmente atenta a esta problemática. É membro da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega.

ORGANIZA

Sección de Pensamento
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Carme Adán Villamarín

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

